

DATA	FEITOS	ALDEA/S
11 AGOSTO 58	Suicidio de PURIFICACIÓN LÓPEZ VAL. O lado da casa do Xastre colgouse dun castiñeiro, no lugar da "Horta de tralaira" e que pertencía o seu esposo JOSE LÓPEZ AIRA	????
4 MAIO 1951	Roubo dun carro a DANIEL VALCACE VIVEIROS, nacido en Paciós. Valorada en 200 p	A CAMPÁ
20 XUÑO 65	Denunciado por queimar o monte dos " Seixos", a JOSE RODRÍGUEZ LÓPEZ . Absolto	A CAMPÁ
15 SETEMBRO 62	Incendio na plantación de pinos en LUCENZA	A SEARA
3- NOV- 1939	Accidente de CAMILO MARTINEZ, mentras estaba mallando. Estaba sacando palla debaixo da trilladora e quedou atrapado. Quedou cun brazon mal	CARBALLAL
26 AGOSTO 58	Estando falando MERCEDES ALVÁREZ CASTRO con MANUEL MARTÍNEZ CASTRO en "Orbieiros" e indo para a casa cruzáronse con MANUEL MARTÍNEZ RODRÍGUEZ e este ultimo intentou forzala, segundo declaracións de Mercedes.	CARBALLAL
13 AGOSTO 60	Incendio na plantación no sitio coñecido polas "Chas"	CARBALLAL
2 -NOVEMBRO- 40	Amenazas a JUSTICIANO CAMPOS CARRETE e a ESPERANZA CAMPOS MARCOS, por parte de ILDEFONSO DÍAZ DE Liñariños. Increpounos no lugar da Cuadra Vella e dixo que os ía matar.	CARBEDO
19- XUÑO-1941	ILDEFONSO DÍAZ LOLO, dálle cun cántaro na cabeza a ESPERANZA CAMPOS MARCOS, e causalle lesións e 18 días de hospitalización.	CARBEDO
24 ABRIL 56	Amenazas ó alcalde de barrio nunha Xunta do Concello. Acusaron a AVELINO INGERTO de chivato por encarcerar a JOSÉ PERAL polas súas ideas marxistas. MANUEL CAMPO MARCOS E JOSÉ PERAL RODRÍGUEZ acusaron de chivatos ó Concello e a GC de acusar a JOSE PERAL RODRÍGUEZ e o fillo JOSE PERAL de unha actuación contraria o reximen.	CARBEDO
2 OUTUBRO 63	Morte de CONCEPCIÓN PERAL RODRÍGUEZ, ó caer dunha Figueira de 5 metros e medio.	CARBEDO
9 XUÑO 1951	Lesión grave de VIRGINIA ARZA FERNÁNDEZ con rotura de costrelas, desgarró penetrante e saída de masa pulmonar. Á irmá entoxáronse cereixas e Virginia subiuse á cerdeira e rompeu a cana	CASTRO PORTELA

16 OUTURO 52	Estando JESÚS ARZA ARZA apañando castañas no souto de "Temporá" en Castro Portela, atopou unha pistola e ensinoulle a Secundina e disparouselles. A un deulle nunha perna e ó outro nun dedo	CASTRO PORTELA
3 NOVEMBRO 53	Lesións de JOSÉ FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, cando chamaba un carro con dúas parexas e resbalou . Rompeu a tibia e o peroné.	CASTRO PORTELA
17 MARZO 59	Tentativa de suicidio, tras unha discusión entre MANUEL PÁEZ LÓPEZ e o fillo JOSÉ PÁEZ SOBRADO, a muller do fillo JULÍA FERNÁNDEZ colleu moitos nervios e cunha navalla de afeitar e intentetouse quitar a vida.	CÉRAMO
17 - XULLO -1937	Atopan a AVELINO LÓPEZ de 37 anos, tirado boca abaixo . Paseado pola Falange, catalógano de marxista.Tiña unha entrada de bala por detrás , polo hombro.	CRUZ DE OUTEIRO-VILARBACÚ
1-XANEIRO-1942	Morte de HORTENSIA IGLESIAS CHOUSA, de 6 anos. Estaba xogando con unhas cerillas no sitio de "Gondar" e predeuselle lume á roupa.	EIRIZ
27 XULLO 1946	Embargo por lesións, do prado de "Casariños" e 2000 pesetas a DARIO CHOUSA ARIAS	EIRIZ
10 MAIO 50	Ferida a CAMILA DÍAZ , cun revolver cando viña con auga da fonte "Fonteiña". A causa de que estaba probando nunha ventana , DOMINGO MARCOS ALVÁREZ. Condenado a pagar 2000 pesetas e 2 meses de arresto.	EIRIZ
13 XANEIRO 1952	Morte de RAMÓN VERGARA VILARIÑO, na casa. Os veciños ó ver que non abrira as pitas e tiña todo pechado, entraronlle na casa e vírono morto na cama.	EIRIZ
3 DEC 1952	Roubo de varios artigos a ELADIO CHOUSA GONZALEZ. 400 pesetas, 5 paquetes de tabaco, 2 botellas de bebida alcolica e 1 coñac. 4 latas de sardiñas, 2 chaquetas, 1 chaleco, 1 gabardina, 1 clarinete en tono de DO, 1 bufanda e 4 reloxos. Todo estaba na súa cantina	EIRIZ
7 XANEIRO 1955	Lesións de JOSÉ QUIROGA ARMESTO. Ia levar un carro de castañas secas de Eiriz ó Carballal e no camín dos Viñais; as vacas arrecadaban. Pasouse atrás para afalarlles e o carro pilloulle unha perna nunha pena sainte do camiño.	EIRIZ
30 -OUTUBRO-37	Aparece morto no Rebulurín- cerca do Carbedo, SANTIAGO CARRETE BLANCO. Paseado pola Falange.	ESPERANTE

4 OUTUBRO 50	Aborto de AMELIA BLANCO RAPOSO. Aborto accidental en Piñeira, de 6 meses	ESPERANTE
11 DECEMBRO 50	Morte nun coche. FILOMENA MENDEZ CASTRO , de 18 anos. Varios coches de JUSTINO CAMPOS CARRETE, se lle meteron na leira do "COUSO", propiedade de Filomena. Esta deulle con pedras e cunha fouce, matando un.	ESPERANTE
11 ABRIL 53	FILOMENA MENDEZ CASTRO acusada de tirarlle pedras a un coche, outra vez, e matalo no lugar do "COUXO".	ESPERANTE
17 AGOSTO 55	Lesión sufridas por JESÚS VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, de 21 anos, veciño de Mostad. Tivo unha caída dunha figueira e rompeu o cráneo e a mandíbula, saíndolle sangue pola narís e os oídos	ESPERANTE
19 NOVEMBRO 55	Roubo de 600 pesetas a EMILIO MARCOS ARZA. Tiña o diñeiro nunha maleta de madeira e romperonlla. Puxolle a denuncia a ARSENIO CARRETE LÓPEZ, pro que traballaba de criado	ESPERANTE
12 NOVEMBRO 64	Morte de ARSENIO CARRETE LÓPEZ, apareceu morto e fixéronlle a autópsia nun cementerio de San Clodio. Morte natural, segundo a autópsia	ESPERANTE
23 MAIO 1949	Denunciados por pescar con dinamita JAIME RODRIGUEZ ALVAREZ e HECTOR JOSE RODRIGUEZ no Lor	FERREIROS
15 OUTUBRO 58	Lesións sufridas por ALEJANDRO ALVÁREZ. Caeu do corredor da casa nova ó lado do río	FERREIROS
10 ABRIL 59	CONSTANTINO RODRÍGUEZ ALVÁREZ presenta denuncia levando a escritura do " Cargadoiro " dun ferrado e dice que MANUEL RODRÍGUEZ ALVÁREZ lla quería quitar. Decíndolle ameazas a criada de Manuel, JOSEFA FERRERÍAS.	FERREIROS
14 XUÑO 61	Xuizo por unha tenreira nacida dunha vaca de Cabana(o dono era un e o que a coidaba era outro e os beneficios a medias). Denuncia VIRGINIA QUIÑONES ALVÁREZ da Casa de Campo a JULIA ALVÁREZ VISUÑA	FERREIROS
30 MARZO 1965	Denuncia por prender lume no monte do " Carballal" , a JOSE FERRERIAS FERNÁNDEZ de 50 anos. Estaba na finca da " Cruz" . Queda absolto	FERREIROS
18-ABRIL-1942	MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ pagalle a MANUEL QUIÑONEZ ALVÁREZ, 270 pesetas por lesións	FERREIRÓS

14 NOVEMBRO 59	Falsedade documental por entregarlle unha carta nun sobre azul a BENITO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, indicándolle que se presentara no concello diante do Alcalde (JAIME FERNÁNDEZ GONZÁLEZ) co fin de entregar a credencial (pedáneo) a HILARIO HERNÁNDEZ . O Alcalde non escribirá esa carta	FERREIRÓS
28 XUÑO 1960	Cambio de marcos a CAMILO VISUÑA MORALES por BIAMEY RODRÍGUEZ VALES	FERREIRÓS
20 OUTUBRO 60	Dous touros que estaban pelexando, investiron a PRIMITIVA CANAVAL CACHUFEIRO con consecuencias de fractura de clavícula esquerda, rotura da séptima costrela. Ingresou no Hospital de Lugo	FERREIRÓS
27 OUTUBRO 60	Caída de ALEJANDRO CARBALLO ALVÁREZ, de 6 anos - filla de JULIO E RAMONA. Os pais dicen que caeu na escaleira e rompeu o cóbado.	FERREIRÓS
4 FEBREIRO 60	Lesión de MANUEL ALVÁREZ ALVÁREZ - fillo de Pedro e Francisca-. Estaba ca bicicleta na carretera a altura da " Pena Vibrin" e colleu polo terraplen de 15 metros de altura. Foi un vecín de Sobredo RAMIRO GONZÁLEZ o que llo entregou ó pai. Lesionouse nos brazos	FERREIRÓS DE ABAIXO
23-MARZO -39	Procesan a ELVIRA FERREIROS CHOUSA por abortar e enterrar o feto. Multa de 250 pesetas e pago de costas do xuízo.	FERREIRÓS DE ARRIBA
12-MARZO-1938	DOMINGO VISUÑA de 66 anos, aparece morto no monte chamado Candedo. Estaba gardando o ganado e morreu de morte natural.	FERREIRÓS DE ARRIBA
2 NOVEMBRO 55	Denuncia a JOSE RIVERA QUIÑONES e ó fillo CAMILO RIVERA FERREIRO, por incendiar a " Carroza do Barbeito "	FERREIRÓS DE ARRIBA
29 DECEMBRO 1938	Ardelle unha palleira a JOSÉ MARCOS GONZÁLEZ. Declara que á mañá marchara para Folgoso e á tarde cando volveu xa a tiña queimada. Desconfiaba de CAMILO FERREIRO	FERREIRÓS DE ARRIBA
24 MARZO 58	Suicidio con escopeta de INOCENCIO RIVEIRA CELA. O pai enterouse cando viña da feira de Seoane	FERREIRÓS DE ARRIBA
23 MARZO 1952	Roubo de 300kilos de fio de cobre de 3,5mm da Central Eléctrica do Lor, propiedade de RICARDO LOCAY PÁEZ. Do tendido que tiña a Moreda e a Parada.	FERRERIA DE SEOANE
29 MARZO 1952	Roubo de 100 kilos de fio de 3,5mm de cobre eléctrico a RICARDO LOCAY PÁEZ	FERRERIA DE SEOANE

9 XANEIRO 56	Roubo de Madeira de castiñeiro de JOSE LOCAY , a JESUS DOMINGUEZ (coñecido por carpinteiro Pepe do Bao). Declaran que lle dixo o carpinteiro que podía cortar que era del	FERRERIA DE SEOANE
17-ABRIL-1939	Denuncia ( mentras lles servia viño) de RICARDO LOCAY LOCAY a PAJERTO VALIN MARCOS, JESUS GONZÁLEZ TOUZON (dirixente da FALANGE-JONS) e a JESÚS VEIGA RODRÍGUEZ. Os acusados afirmaron que o denunciante os perdera xogando o JULEPE. Quedou en nada	FERRERIA NOVA
2 NOVEMBRO 1948	Roubo de 180 metros de alambre de cobre a RICARDO LÓPEZ PÁEZ. Un veciño de Moreda (MANUEL FDEZ VAL) ó cortar un arbol nunha finca "da Veiga", caeu sobre o tendido. Os poucos días de estar o tendido no suelo, roubarono. Acusan a JUAN CASTRO RODRÍGUEZ, de Moreda, acusado de roubar os fios.	FERRERIA VELLA
5 - MARZO - 1936	Caida fortuita de FLORENTINO VILA. Estando xogando no recreo ás 11 da mañá.Foi trasladado o domicilio, onde morreu	FOLGOSO
12 XULLO 45	Agresión na finca da Xesteira. Estando alí MANUEL GARCÍA VISUÑA, pasou PRIMITIVO CANAVAL GARCIA de Ferreirós. Canaval deulle cunha fouce no mentón. Condeado a pagar 75 pesetas.	FOLGOSO
1 OUTUBRO 46	Lesións de ANTONIO RIVERA ALVÁREZ, vindo no coche de linea desde San Clodio, subido no estribo. En Folgoso quixo saltar e o coche pisouno. Routura de varios osos e costelas.	FOLGOSO
28 NOVEMBRO 1948	Pillan cazando unha lebre a EMILIO CASTRO GARCIA, de 20 anos cunha escopeta dun canon, calibre 16 e sin documentación. Dixo ca atopara en Traspando	FOLGOSO
2 XANEIRO 1950	Requisanlle a ANGEL POMBO, zapateiro de folgoso, que fora de MIRAZ, doce kilos de dinamita e 104 cartuchos que tiña enterrados na horta, ó lado dunha figueira. Deteñen tamén ó que llos vendeu RAMÓN E CARMEN de Cortes. Resultandolles 1 ano de prisión	FOLGOSO
6 NOVEMBRO 1951	Entrarronlle na casa e lesionaron a JOSÉ FERNÁNDEZ GONZÁLEZ. Tiña un comercio e ANTONIO RIVERA VILA entrou na súa vivenda sen autorización e ia cun pau para darlle o pai de José e acabou dandolle a José e a seu irmao, fortes folpes na cabeza	FOLGOSO

11 DECEMBRO 54	Denuncia de JOSÉ ZARAUZA CELA a SEGUNGO VALLE por non lle quere devolver a finca a "Travesa" que lle deixara prestada. Segundo alega que ten 3000 pesetas aseguradas nesa finca dun prestamo.	FOLGOSO
24 XUÑO 57	Estaga a varias industrias por IGNACIO LORA . Viña a decir que era Axente do Boletín Informativo do Ministerio de Facenda e que lle tiña que dar cada un 100 pesetas . Un dos estafados foi JOSE ARZA SANCHEZ	FOLGOSO
5 SETEMBRO 57	Incendio probocado por unha queima de rastroxos de RODRIGO ZARAUZA PUENTES. O lume escapoulle o monte das " As Laxes".	FOLGOSO
31 OUTUBRO 57	Volcado dun FORT a un vigués no Carrozo de Carballido .Os ocupantes presentaron magulladuras.	FOLGOSO
1 XANEIRO 58	Queimadura de ROSA RODRÍGUEZ de 10 anos, nos brazos, abdomen e muslos,cando estaba xogando e HORTENSIA E EUGENIO TOUZON CASTRO nas " BARROSAS" . Encenderon o lume ardendo o vestido	FOLGOSO
15 ABRIL 58	Accidente de coche LU1934 de liña que ia de Quiroga a Folgoso, da Empresa Caurel cun camiión. Ia no coche de liña SABINO CHOUSA e AMADEO MARTÍNEZ	FOLGOSO
10 XULLO 58	Estando na carretera, xunto o aserradeiro de D. SEVERINO ALVÁREZ SANMARTIN. Varios traballadores ian sentados no camiión ; o cal un deles, BENIGNO ZARAUZA ARMESTO caeu e o camiión pasou por enriba.	FOLGOSO
18 NOVEMBRO 58	Accidente de camiión de CONSTANTINO LÓPEZ TOUZÓN. Estaba carrexando pedra dunha canteira para a construción da escola de folgoso e ó dar a volta para revolver, falláronlle os frenos.	FOLGOSO
23 XUÑO 59	Accidente nunha moto de ENRIQUE FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ , sen carne. Levaba a ANTONIO LAGO ZARAUZA , que caeu da moto e pasou por enriba dunhas madeiras entre Folgoso e Quiroga	FOLGOSO
18 SETEMBRO 59	Caída casual de JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ , 7 anos, que caeu por unha parede no "Terrado" e rompeu un brazo.	FOLGOSO

9 FEBREIRO 60	Roubo de 3000 pesetas a MARÍA ARZA JATO. EMILIO LÓPEZ TOUZÓN entroulle presuntamente polo balcón e levoulle o diñeiro que gardaba nunha lata atada e enrollada nun colchón.	FOLGOSO
14 MARZO 60	Lesións por unha torada de madeira ó descargar do camión a DAVID CELA SANCHEZ rompeulle unha perna. trasladado a Lugo	FOLGOSO
23 FEBREIRO 63	MARIA LUISA VALCARCE denuncia que o seu veciño ANTONIO RODRÍGUEZ SEOANE lle entrou na casa e facía un ano tamen o fixera. Este ofreceulle 200 pesetas para que non denunciara, xa que era para dietarse con ela. Segundo él entrou pola ventá o cobrarlle un somier que lle debía Luisa a él , de fai 3 anos. Luisa retira a denuncia.	FOLGOSO
29 FEBREIRO 64	Contratación dun sicario por EMILIO FERNÁNDEZ SOMOZA, encargado da farmácia, que lle ofrece a MANUEL, conocido por Lindoso de Folgoso, diñeiro e pistola para matar a RAFAEL MUÑIZ Y LEON - medico e veciño de Folgoso	FOLGOSO
2 XUÑO 1965	Lesión de FLORA BAO RODRIGUEZ. Rompeu unha perna mentras ía a unha horta.	FOLGOSO
19 OUTUBRO 65	DOSITEO SÁNCHEZ VALCARCE denuncia ANTONIO ALVÁREZ FERREIRO , que lle pasou por un horto chamado " A Travesa" , desfacendolle Cebolas, Repolos e outros. Valoración de 2200 pesetas. Antonio declara que pasara pero antes de plantar.Quedou en nada	FOLGOSO
11 FEBREIRO 1965	Roubo a FRANCISCO ALVÁREZ SANMARTÍN. Denuncia que lle roubaron do seu muín , un trozo de tela de cernir fariña . Valorado en 1500 pesetas	FOLGOSO
4.-ABRIL-1940	JESUS ALVAREZ NUÑEZ (60 anos) denuncia que os veciños GERMÁN SÁNCHEZ E VICTORIO RODRÍGUEZ fillo de Jose, envenenaron o río con follas de Coca, nas inmediacións de "Achela". Gemán declara que estaba rozando estrume no lugar dos "Zurrulleiros"	FROXÁN
28 - FEBREIRO-45	Morte de JOSÉ VEIGA GARCÍA, de 58 anos. Estaba demoucando un castiñeiro na "Vituriza" e caeu.	FROXÁN
9 SETEMBRO 47	Lesións graves de JOSE ALVÁREZ RAMOS, de 30 anos. Lesionouse na fronte e unha fratura no femur. Caeu dun balcón dunha casa ó camín.	FROXÁN

22 DEC 1948	Denuncia incendio nunhos castiñeiros no lugar de Loureiros, propiedade de ANGEL GARCÍA MARTINEZ de Sobredo	FROXÁN
9 ABRIL 1950	Requisada unha pistola de 9" , na casa de DOSITEO MARTÍNEZ TOUZÓN, natural do Carballal.	FROXÁN
29 AGOSTO 1953	Envenamento do Rio Lor, con cloruro no Pozo de Breidos. Declarando JOSE CHOUSA SOTO , vixiante dos pinos, RAMOS LAGO, SECUNDINA VILA MENDEZ, SERAFÍN MENDEZ ALVÁREZ E BENIGNO LÓPEZ. Todos eles recolleron as troitas e JOSE CHOUSA SOTO, que foi con eles de merenda a Vilar e FRUCTUOSO LÓPEZ VISUÑA denunciaron.	FROXÁN
2 NOVIEMBRE 55	Incendio na " Carballeira de Bouzón"	FROXÁN
16 SETEMBRO 57	Morte por queimaduras de DAVID RAMOS PRESTAMO. Estaba durmindo e o lume matouno dentro	FROXÁN
26 OUTUBRO 60	Morte de PABLO BLANCO NÚÑEZ. Caeu ó río no lugar das "Debesas". Cando apañaba castañas estaba co seu irmán BENITO e os sobriños MANUEL e VICTORIANO ALVÁREZ. Solo lle apareceu a chaqueta flotando no río.	FROXÁN
Ano 1856	FRANCISCO MARTÍNEZ da Casa de Tralo Coballo de Froxán, declarou que ás 8 da mañá, JOSÉ ALVÁREZ de Aira, o seu irmao e PEDRO POMBO de Mirad; entráronlle na casa e agarrárono polo brazo esquerdo Pedro e polo dereito Ramón. Déronlle cun cántaro na cabeza. Non sabe quen lle propinou o golpe xa que está cego. Logo cortáronlle a orella esquerda. Francisco berrou "Ai, que me mataron". Entrou o pedáneo de Froxán (Benito Rodríguez), que estaba xunta un muíño do declarante e parounos. Francisco estaba cego, porque lle sacaran os ollos cunhas tesoiras quentes. Quedaron absoltos de todo cargo	FROXÁN
1 - ABRIL- 1938	Benito Sanchez Carrete ia pastorear ovellas ó Faro e foi brutalmente golpeado por Ildefonso Díaz Lolo. Este último , segundo sentencia, foi condenado a 21 días de reclusión no calabozo do Courel	LIÑARIÑOS
31 MARZO 1954	Morte EUGENIO FERNANDEZ de Lousada , por un desprendemento de pedras en Lousada. Estaba arrancando pedra no "BAO"	LOUSADA



29 MARZO 1954	Acusan de roubo a ENCARNACION LOCA Y FERREIRAS. Presuntamente, entrou nunha casa de Meiraos, collendo unha chave dun furado da parede e rouboulle sabas valoradas en 100 pesetas	MEIRAOS
27-FEBREIRO-39	FRANCISCO CASANOVA marchou para a misa e quedando na casa a súa fillastra PURA FERNANDEZ E os seus netos (Amador e Eugenia). O chegar da misa , atopouse sen 475 pesetas que tiña da venda dunha vaca e sin o grao que gardaba. Cando chegou a GC, Pura estaba na casa de Jose Jurjo e declarou que escapara porque Francisco a trataba mal.	MEIRAOS
2 SETEMBRO 46	Tentativa de Violación de AMADOR CASANOVA FERNÁNDEZ contra MARIA LÓPEZ LÓPEZ. Denuncia que foi maltratada fisicamente. María estaba cas facultades mermadas. Ia cun mañizo de herba e presuntamente Amador colleuna e tirouna o chan. María falaba sola polos camiños. Embargaronlle a Amador 3000 peseteas por eses feitos	MEIRAOS
3 XANEIRO 1950	Estafa a CONSTANTINO LÓPEZ CHAOS de Meiraos, presenteu contra un veciño de San Clodio que lle estafaron 3000 pesetas. Prestoullas sen firmar ningún papel, por fiarse ó ser familiar.	MEIRAOS
28 ABRIL 51	Lesións a ROSA OLMO FONTAL, 28 anos, e danos nunha finca. Estaba apañando navos na "Cortiñadaorde", e as ovellas de ALICIA estabanlle nos navos. Chamaronse a atención e Alicia tirouna o suelo e caeu nun pedregal e deulle golpes cos zocos e patadas. Tivo que lle axudar PURA FERNANDEZ a levantarse . Sufriu danos na cadeira.	MEIRAOS
17 DECEMBRO 1951	Blasfemias de SEVERINA PARADA OLMO a ANTONIO LÓPEZ MONTERO:<< fillo de... >>> <<<maricón>>>, <<polainass>> e <<cago en cristo>>	MEIRAOS
11 SETEMBRO 54	Lesións de EMILIA BLANCO MARTINEZ recibe dúas patadas na cara dadas por unha vaca	MEIRAOS
14 XANEIRO 59	Amenazas a JESÚS PARADA OLMO. Na porta da casa saiulle ó encontro MANUEL RAPOSO FERNÁNDEZ, o irmao JESÚS, a muller CARMEN e o fillo LUIS. Amenazando a Jesús de romperlle a cabeza se volvía regar un prado da nai desta ROSA ALVÁREZ FONTAL.	MEIRAOS
31 AGOSTO 60	Lesión sufridas por JOSÉ LÓPEZ LÓPEZ, por unha roda dun carro que lle aplastou un dedo da mau esquerda. O pai era CONSTANTINO LÓPEZ CHAOS e estaba cargando un carro de estrume en "Fontaos", intentoulle sacar o calzo que tiña o carro para diante.	MEIRAOS

26 XANEIRO 58	Lesións graves causadas por ANGEL VÁZQUEZ AIRA a JOSE OLMO CELEIRO por disparo de escopeta. No lugar dos " Entaladoiros" ian cazar zorros e lobos e ía José diante. Sen querer, Angel disparoulle no costado dereito; ó que José dixo"-Quen me matou?". Angel trasladouno á Ferrería e logo co coche a Clínica.	MERCURIN
26 XUÑO 60	Incendio na plantación de pinos en " Rondal". Danos taxadados en 1750 pesetas. Escapoulle a ANTONIO TOUZÓN TOUZÓN, dunhas tolas que as queimara o día de antes	MERCURIN
19 MARZO 1943	MARÍA FERNÁNDEZ estaba lavando roupa no lavadeiro e MANUELA RODRÍGUEZ GUITIAN e o seu home REINALDO DÍAZ "maltratárona de obra e de palabra". Condenados a cinco días de arresto e ás costas do xuízo.	MILLARES
13 FEBREIRO 48	Roubo de 100 pesetas a MANUEL E 125 pesetas a EVARISTO RGUEZ RGUEZ. Atracáronos na casa dous homes descoñecidos, altoss, fuertes e feos, con chaqueta militar	MILLARES
13 ABRIL 1955	Incendio do monte da Serra entre Mirad e Paderne	MIRAD
18 ABRIL 58	Lesións graves a AURELIO GONZÁLEZ LÓPEZ, cando lle estaba dando a volta a unha torada para sacala do souto. A torada colleu velocidade e quixo paralo para que non lle dese a dous madeiristas que estaban máis abaixo e a mesma pasou por riba del.	MIRAD
16 XULO 58	Roubo dun litro de sementes de navos e unha talega. JOSE SUAZO denuncia a JOSE RODRÍGUEZ PÁEZ por este acto. Este a súa vez acusaba o seu veciño de roubar unha manta de bestia que perdera cando viña da feira de Savane. Pero a manta estaba no Mazo, e Jose Suazo pasoulle por unha finca de J Rodriguez , pisandolle os navos. J.Rguez deulle unha bofetada	MIRAD
1 XUÑO 64	Lesións por mordeduras dun can a ELVIRA PRESTAMO CASANOVA. O can era de AURELIO GONZÁLEZ LÓPEZ de Praducelo. Ferida semi-desgarrada nunha perna	MIRAD
31 DECEMBRO 49	Nunha reunión veciñal que citara pedáneo BENIGNO MENDEZ LÓPEZ. Discutirón o pedáneo CAMILO CASTRO GOMEZ por pasar este último por unhas fincas do pedáneo . Denuncia por blasfemas	MOREDA
22 OUTUBRO 50	Morte de ALBERTO PÁEZ CARRETE, de 83 anos, por unha chispa eléctrica	MOREDA

16 DECEMBRO 53	Lesións a RICARDO CASTRO RODRÍGUEZ, cando se lle disparou a escopeta e lle furou a man dereita	MOREDA
3 MAIO 1955	Arde Roqueira. Os gardias vírono desde Seoane e avisaron ós veciños de Moreda que fosen axudar. Quedou apagado ás 4 do día seguinte	MOREDA
25 NOVEMBRO 59	Morte de MANUEL OCHOA RIVERA , mentras gardaba as vacas.	MOREDA
9 MAIO 61	Morte de JOSÉ NOVO CARRETE. Caeu dun castiñeiro que estaba demoucando no lugar do " Val de Arnela"	MOREDA
21 FEBREIO 51	Despenan un carro en Mostad, de EVARISTO MONDELO, no sitio de "Ribadaira". Emputan a GUMERSINDO MARCOS MARCOS E A SANTIAGO CRESPO RAPOSO	MOSTAD
4 MAIO 1942	DOMINGO LOLO AIRA E JUÁN JATO GARRIDO pasaron cun carro de bois pola finca "Arriba grande"(pode ser Arroxo Longo) de RICARDO JURJO BRAÑAS, causando danos na finca tasados en 15000 pesetas . Absoltos porque tiñan paso por ela	NOCEDA
27 MAIO 1942	ANTONIO REGUEIRO GAGO deulle cun pau na cabeza a EDUARDO RODRÍGUEZ LOLO pola reñela dun peche dunha finca. Tivo co indemnizar con 140 pesetas.	NOCEDA
2 XANEIRO 1955	Reñela por lindes de JOSÉ CARBALLO JURGO - fillo de JOSÉ e GENOVEVA - e ANTOLIN REGUEIRO. O Primeiro deulle cun pau na cabeza a Antolín.	NOCEDA
9 AGOSTO 55	Lesións a MANUEL AIRA GARRIDO, fillo de José Aira Neira e sobe as 7 da tarde e na horta da "Penela" subiu a unha ameixeira, agarrándose a unha cana seca e caeu o camión	NOCEDA
21-XUÑO- 1940	Unha chispa mata a FRANCISCO CARBALLO, estando cabando no monte de "Cabarcón"	PADERNE
16- MARZO-41	ILDEFONSO DÍAZ LOLO, dálle cun cántaro na cabeza a ESPERANZA CAMPOS MARCOS, e causalle lesións e 18 días de hospitalización.	PADERNE
20 ABRIL 1949	Na devesa de Paderne , incendio de madeira de rebola propiedade de DOSITEO LÓPEZ .145 pesetas de valor	PADERNE
9 XANEIRO 1953	MARGARITA MACÍA BAO , de 63 anos, denuncia que o seu marido DOMINGO CELA GARCÍA e o seu fillo ANTONIO CELA MACÍA, a botaron da casa.	PARADA

23 FEBREIRO 61	Lesións por explosións dun cartucho de dinamita a LUÍS PÉREZ ALVÁREZ. Meteu catro cartuchos nunha pena no lugar dos " Coballois" e pensou que non explotaban , achegouse e cortou a mecha que estaba humida e volveulle prender e trasladaron a Hospital de San José a Lugo, onde lle amputaron a mau dereita, ferida no resto do corpo e perda do ollo dereito	PARADA
7-MARZO-1945	Morre por queimaduras, JOSE RIVERA de 16 meses. Mentras seu tio iba por roupa a "Suacasa"	PEDRAFITA DO COUREL
20 XULLO 39	ARTURO CAMPO MONTERO denuncia que JOSE AIRA RIVERA golpeou á súa irmá MARÍA CAMPO MONTERO. Magulladuras. Quedou en nada	PEDRAFITA DO COUREL
15 XUÑO 1955	Fuga amorosa de SANTIAGO BLANCO RIVERA, 35 anos- fillo de Manuel e Josefina- emigrantes en Madrid, e a súa noiva OFELIA OTERO MARCOS de 20 anos. Santiago fixera xestións para casarse pero os pais de ambos non o aprobaban. Condenan a Santiago por rapto a 2 meses de arresto, a pagar os gastos do xuízo e a dar 1000 pesetas da dote a Ofelia.	PEDRAFITA DO COUREL
12 MAIO 1965	Morte por un tractor, preto da "Pedra". Un veciño de Praducelo, " Guille" que estaba casado cunha muller de Moreda, fillo de Santiago, perito de Praducelo, pediulle a JOSÉ CHAOS PARADA de Paderne , que lle fose arar unha finca a Guille , chamada a " Debesa", preto da Pedra. A finca era da casa de Vila de Bustofrio. As 7 e pico sentaronse a merendar e José sentiu o tractor rombar, collerao Guille e matouse no tractor.	PEDRAFITA DO COUREL
19 XUÑO 1951	Lesións graves a EMERITA ZARAUZA pola cornada nunha vaca na barriga, sacandolle o intestino. Transladaron a Hospital a Lugo	PENDELLA
12 DECEMBRO 56	Incendio nunha casa de CONCEPCION ZARAUZA QUIROGA, natural de Cortes.	PENDELLA
23 OUTUBRO 54	Incendio no monte de Barreiro. Os veciños de Piñeira , GRACIANO SANCHEZ NÚÑEZ E JOSÉ RODRÍGUEZ SÁNCHEZ acusaron a REINALDO de Carrete de Lousada. Días antes Vilela e Piñeira acordaron darlle unha batida os lobos que se escondían nese monte	PIÑEIRA
17 AGOSTO 58	Morte de JOSE LOSADA CAZÓN. Apareceu morto na cama. Os veciños non o virán desde o día da festa de Meiraos , o 15 á noite.	PIÑEIRA
13-SETEMBRO-40	Fuga dos presos LUIS CONDE E AGUSTIN ARMOFREI, da carcere de QUIROGA	QUIROGA

6 SETEMBRO 1936	Paseado en Romeor. Esteban Dominguez da casa de Pereiro de Gamiz, apareceu morto no monte da Cruz de Lago. Atopou o corpo un das Cruces que viña para comprar semente de nabos a Campelo. Feridas de arma de fogo polas costas. Recordan , que era un home de Gamiz que estaba traballando na construción da estrada Seoane -Folgozo e acostumaba a tomar un viño, cada día ó acabar de traballar na Taberna do Crego (onde o taberneiro era de esquerdas). Este feito fixo que se cebasen co rapaz, e unha noite un de Mostad e un de Seoane, fórono buscar a cabana na que paraba, por riba de Seoane. Dicindo: -Hai que sacar a ese tolo d'aí. Unha noite foron por él e cruzaron Esperante de acabalo del. Unha muller díxolles: - Deixade o rapaz en paz... O rapaz pedíalles que lles deixasen beber. Cruzaron o couto cara o Faro e en terras de Romeor, víronos 2 escapados que estaban alí de Meiraos. O de Mostad mandoulle dispara ó de Seoane e o de Seoane non quixo. Dicindo o de Mostad: - Trae para eiquí que lle don eu gusto ó dedo.	ROMEOR
16 ABRIL 47	Morte de AVELINA PAEZ CARRETE , que viña de Chan de Pena. Apareceu morta no lugar de "Alto do Lombo"	ROMEOR
23 XANEIRO 48	Suicidio de VICENTE MEJIA DOMINGUEZ, nas minas de Santa Eufemia. Era o capataz da mina. Foi cunha pistola	SANTA EUFEMIA
11 ABRIL 60	Caída nun camiño de JOSE SORDO TEIJEIRO. O saír da cantina e subir o escalon , tropezou e deu ca cabeza na parede.	SEAONE
3 ABRIL 1954	Desaparición de MANUEL NUÑEZ LOMBAN. Buscarono durante cinco días . Nunha ocasión anterior xa tomara veneno das ratas	SECEDA
3 DECEMBRO 53	RAFAEL LÓPEZ DE LA FUENTE sufriu un ataque epiléptico , caendo na lareira e sufríu queimaduras graves no pescozo, 1/3 da cara e por todo o corpo	SECEDA
2 XULLO 1957	Lesións a RAUL POMBO, rompeu unha perna dunha caída casual.	SECEDA
15 SETEMBRO 36	Morte en fondo de vila dun neno de 3 anos, chamado JOSÉ PÉREZ MORALES, da Casa de Pérez	SEOANE
14 -AGOSTO-1937	Roubo en Seoane , no establecemento de AVELINO VAZQUEZ. Rexistran varias casas de Seoane, pero non atopan nada. Roubo usando ganzuas.	SEOANE

18-OUTUBRO-37	Desaparecen as contas dos ano 1933-1937 da Casa do Concello. Estaba de alcalde JESUS RODRÍGUEZ PERAL. Desde o Fronte Popular, deuselle orden o Concello de que partida e debedas "non pagar", e de onde reducir.	SEOANE
29-DECEMBRO-38	O Pedaneo de Seoane (Jose Valin) avisa á garda civil de que CELIA VALCARCE, abortara. O médico de Seoane deralle un conposto químico para tal fin. Desenterran na horta familiar.	SEOANE
22-SETEMBRO-40	Morte de AMANTE RODRÍGUEZ LÓPEZ. Estaba pastoreando o gando no prado de "San Amaro". Apareceu afogado no Lor, a altura do Pozo dos Sendeiros.	SEOANE
18 MAIO 1948	Accidente de TEOLINDO CARREIRA FERNÁNDEZ de 26 anos, nacida en Rubiais-Pedrafita do Cebreiro. Estaba descargando postes dun camión, en Seoane. Pasou 354 días de cura.	SEOANE
24 MAIO 1948	Roubo dunha cadena do diferencial na canteira de marmol, no lugar de "Leborín". O dono da canteira era OCTAVO RAMILO PORTELA de VIGO	SEOANE
1 SETEMBRO 1948	Lesións . RICARDO MARCOS GONZÁLEZ, traballaba de caminero entre Quiroga e Seoane levando gando. En Megoxe discutiu con JOSE FERNÁNDEZ LÓPEZ por pegarlle ó fillo de Ricardo. Jose deu un paso en falso e caeu da carretera en baixo, rompendo unha perna	SEOANE
2 DECEMBRO 1948	O Medico titular JOSE BALTAR SANTELO denuncia que lle entraron na casa.	SEOANE
29 OUTUBRO 49	Roubo dunha gabardina a JOSÉ VALCARCE BLANCO de 24 anos, natural de Cuba e veciño de Seoane	SEOANE
28 MARZO 1952	Incendio de Castiñeiros en Seoane, propiedade de JOSE RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	SEOANE
29 ABRIL 1952	JOSE ROMERO ALVÁREZ E MANUEL ROMERO discutiron con VALETINA pola escorrentía dunhas augas. Jose deulle cun pau, causandolle unha forte contusión no tórax e na man esquerda	SEOANE
7 XANEIRO 1953	Aborto de AURELIA FERREIRO FERNÁNDEZ. O feto tiña 1 mes de xestación. A autopsia di que lle sacaron a vexiga, feridas no utero con algo metálico. Procesado ELISEO NOGUERAS TORRES	SEOANE

12 AGOSTO 57	Arde unha barreira de ABELINO LÓPEZ FERREIRO , na que almacenaba herba para unha burra. A barreira estaba ó lado do Cuartel da GC	SEOANE
2 OUTUBRO 58	Lesións de DOLORES GARCÍA CHAOS, cando caeu na casa de espaldas e rompeu o femúr	SEOANE
4 ABRIL 59	Denuncia ó practicante de Savane, por vacina ilegalmente. Vendendo a vacina para o polio colectivamente e Visuña	SEOANE
8 NOVEMBRO 59	Roubo na feira de Savane. MARCIAL NÚÑEZ JUANES de Zanfoga, levaba 10000 pesetas para comprar unha vaca. BENITO de Froxán , deulle 5000 máis por un almallo que lle comprara nunha feira pasada. Marcial comproulle a vaca a ANTONIO de Praducelo en 10000 pesetas, e quedou en pagarlle na Cantina do Zapateiro ás catro. Cando lla foi pagar só tiña 9000 pesetas e a vaca quedouse con ela Antonio.	SEOANE
14 OUTUBRO 63	Explosión dun artefacto que atoparon ó saír da misa . LUÍS ALVÁREZ DOMIÍNGUEZ perdeu os dedos 1 , 3 e 5 da mau esquerda	SEOANE
8 NOVEMBRO 63	Denuncia sanitaria contra EMILIO FERNÁNDEZ SOMOZA, con Droguería en Seoane. Requisanlle farmacos que acabaron sendo legais. A denuncia quedou en nada	SEOANE
41	Xuizo pola perda de documentación e contas municipais desde p 1930 a 1937. Acusan ó secretario ARSENIO RODRÍGUEZ PERAL e o eu irmao JESÚS RODRÍGUEZ PERAL que era Alcalde . Caixa 80629	SEOANE
14 XANEIRO 64	Lesión de ELOY CELA ARZA o subir a unha pila de bigas para comprar madeira a CONSTANTINO LÓPEZ TOUZON , resbalou e deu un golpe na cabeza	SEOANE
22 MAIO 46	Roubo de Castañas do baixo de AURELIO LOPEZ, da casa de Aurelio de Seoane. Este deixou gardar na bodega un saco de 85 kilos , a MANUEL NUÑEZ. As castañas compráranse en Moreda e viñeron en carro. Foran vendidas a este por Manuel Berinbeira	SEOANE
12 DECEMBRO 45	JOSE MARTÍNEZ MARTÍNEZ estaba na casa e as 3 da maña sentiu que lle tiraban pedras ó can e á porta da casa. Saíu para ver o que era e viu ós veciños MANUEL VILA LOUZARÍN, ó seu irmán FRANCISCO e a JOSÉ GONZÁLEZ da Casa de Abaixo. Unha pedra lesionou a José Martínez.	SOBREDO

27 XULLO 1949	Atropelo de EVARISTO FERNÁNDEZ ÁLVAREZ en San Clodio por un camión.	SOBREDO
1 XUÑO 51	Danos no monte de Sobredo. Denuncian a 8 personas por cortar leña e meter gando en "Cabanelas" que linda con Mercurín.	SOBREDO
4 XUÑO 60	Lesións sufridas por JOSÉ ALVAREZ SANMARTÍN. Estaban serrando madeira na " Pedriña " e o acabar de serrar unha torada , caeu metade pola leira abaixo e Jose caeu ó regato e por enriba a torada	SOBREDO
24 AGOSTO 38	ANTONIO FERREIRO GONZÁLEZ (34 anos) denunciou que lle roubaron 3 mantas de varios cores, feitas na casas . Sospeitaba de Evaristo e Genoveba Fernández, porque perderon un xuízo con él, sobre unha finca.	SOBREDO
7 NOVEMBRO 60	Lesións por queimaduras de MANUEL MARCOS RAMOS, cando lle ardia a casa . A orixe foi que tendo lume na lareira, saltoulle a unhas barxas de fabas.	SOBREDO
16 MARZO 61	Incendio na plantación de pinos na "Escrita". Inculpan a DAVID FERREIRO ALVÁREZ e este encendeu en lume en " Palas " para almorzar un cacho de toucín asado.	SOBREDO
15 XANEIRO 196	AMADOR RODRÍGUEZ ARZA, roubou en Sta Eufemia, 3 porcós tasados en 110 pesetas, propiedade de RAFAEL LÓPEZ ARZA. O día seguinte do roubo, venderonos na feira de San Clodio, por 60 pesetas. O pai de RAFAEL pagoullos a AMADOR - 100 pesetas	STA EUFEMIA
9 XANEIRO 1952	Morte nas Minas de Antimonio de Sta Eufemia de ARSENIO RIVERA CELA de Ferreirós de Arriba. Apareceu morto	STA EUFEMIA
17 NOVEMBRO 58	Tentativa de suicidio de BELARMINO SÁNCHEZ LÓPEZ, deuse cunha macheta dous golpes , un no cogote e outro na muñeca esquerda. Tiña perturbadas as facultades mentais	STA EUFEMIA
18 ABRIL 61	JESUS E MANUEL RODRÍGUEZ estaban cortando un castiñeiro con dous machados na " Cabana de rio", no " Focaro" e estaban nunha finca cerca AVELINO RAMOS e o seu fillo MANUEL , cunha fouce e un machado . As familias estaban enemistadas por tema de auga, comezaron a reñer polo castiñeiro. Avelino lanzoulle a fouce e pedras . Jesús lanzoulle unha pedra a cabeza Avelino a cabeza e matouno. Condenado a 15 anos de prisión e 125.000 pesetas ós herdeiros de Avelino	STA EUFEMIA



23 SETEMBRO 63	Incendio no Alto do Boi. Arderon 6000 pinos de 5 a 6 anos , 4 hectareas. Foi polo trono	STA EUFEMIA
25 XUÑO 1949	DOLORES TEIJEIRA NUÑEZ increpou a José Vila porque lle botaban as vacas no seu centeno. Lesións por JOSE POMBO (Barbeiro) morder na orella a JOSÉ VILA GONZÁLEZ.	TEIXEIRA
3 DEC 1948	Queimaronse 3 barreiras. Unha de GENOVEVA GOMEZ con catro carros de herba e seis de palla dentro. Catro vacas e 2 crias que tamen arderon na corte. Outra casa propiedade de JOSÉ POMBO SAMOS, con residencia en Barcelona, con todo os mobles e apeiros de labranza; a cal representa o veciño JESUS RODRIGUEZ DÍAZ. E a terceira propiedade de SALVADOR SUAZO , con herba, palla e ferramentas de labranza. A GENOVEVA avisouna a veciña FLORA POMBO VILA . Desconfía que MANUELA TEIJEIRA RIVERA e dúas fillas MARÍA E CARME pasaran por diante do lugar e levaron un ardente para alumar polo camiño e casualmente un muxena encendeu as casas, xa que eran días de vento. VISITACION POMBO LÓPEZ foi avisar ó pueblo. Os danos que GC cuantificou foron: JOE POMBO= 37000 pesetas, SALVADOR SUAZO=2500 pesetas e GENOVEVA = 22000 pesetas	TEIXEIRA
4 XANEIRO 56	JOSE POMBO LÓPEZ abandona a ROSA ÁRIAS POMBO(filla de Ramón e Consuelo) , postrada na cama en perigo de morte sin recursos nin asistencia algunha. Jose desaparece cando a muller máis o necesitaba, e tiña posibles no banco para atendela en debida forma. Declarou ELISEO ARIAS NUÑEZ, de 39 anos e sobriño de Rosa , a cal estaba na cama desde fai un mes. Eliseo declara que Jose marchou para Gundriz de Louzara e que desde facía tempo, Rosa sufría malos tratos. José estivera en Quiroga, en Seoane e Meiraos varios días e era moi celoso. Denuncia posta por ANTONÍO BRAÑAS, alcalde de barrio; ó que lle deu 500 pesetas para que llos dera a Rosa. Chaman a declarar a JOSE LOPEZ POMBO de Carrete de Gundriz. Rosa declara que cobra unha pensión por un fillo que lle morrera na Guerra Civil, que se casara en 1914 en Bosaires. Cobraban os dous subsidio. Rosa morreu 2 meses despois desta denuncia, por insuficiencia cardíaca con 66 anos.	TEIXEIRA

11 FEBREIRO 1957	Abusos desonestos contra VICTOR MARIO FONTAL , de 50 anos -fillo de VICTOR E MARIA, natural de Bosaires. Victor viu que TEODORA FONTAL AIRA , con 22 anos e cunha deficiencia mental, entrou nunha cuadra e el entrou detrás. Acusado de tocamentos e condeado a 1 ano de prisión e privación de cargo público.	TEIXEIRA
31 OUTUBRO 58	Ingreso de JOSÓ POMBO TEIJEIRA nun centro de "anormales".	TEIXEIRA
11 ABRIL 58	Aborto de ALICIA GONZÁLEZ POMBO(filla de Gabriel González).Alicia estaba de criada na casa de Amadeo Aira do Seixo, e aborto por vergoña, xa que tiña outros dous fillos de solteira. Foi abortar a Casa de Pardo de Vilar - Triacastela. Tralo aborto tivo unha gran emorragia . Declara que para abortar lle derón pastillas e lle cobraron 500 pesetas. Foi violada cando ia de Seoane a Casa de Chaos de Paderne, onde tamén traballaba. Analizaron a composición das pastillas abortivas e eran 20 gramos de almidón e amilina negra, usada para teñir a roupa, 10 ampollas de cloruro de morfina e suero antitectónico.	TEIXEIRA
5 XUÑO 59	Morte de MANUEL LÓPEZ VILLASOL, apareceu colgado co seu cinto. Manuel deulle a sua neta, a filla de henrique, unha onza de chocolate decíndolle que poucas máis lle ía dar. Henrique, o fillo, pensa que se suicidou debido á enfermidade que padecía, que lle ocasionaba moitos dolores. Sendo pedáneo MANUEL TEIJEIRA NÚÑEZ,	TEIXEIRA
15 NOVEMBRO 60	Roubo de 1700 pesetas a VICTORINO VILA GONZÁLEZ. Tiña diñeiro de vender unha vaca en Pedrafita do Cebreiro. Tiñaos no bolsillo dunha chaqueta e descoñece quen lla puido quitar. Xa que a porta do camiño tena sempre sen chave. Acusan a JOSÉ , irmao. Eran fillos de BRIGIDA E MANUEL. José vivía na casa do lado ca muller e cun fillo de 10 anos. Victorino vive coa muller e con dous fillos e unha irmá solteira chamada Consuela, que servira en Escanlar. E votaraa na casa Victorino, por non levarse ben. Non se puido demostrar o delito	TEIXEIRA
10 ABRIL 1965	Tenencia ilícita de armas contra ANTONIO POMBO TEIJEIRA (nacido o 6 de agosto do 39), en Seoane o 10 de Xaneiro a GC requisoulle a pistola, sen número nin marca. Condeado a 6 meses e 1 día de prisión menor	TEIXEIRA

22 OUTUBRO 49	Lesión a JOSÉ RODRÍGUEZ que convive cos sobriños - JULIA E SENEN. Agarrárono e Julia cunha fouce e un pau deulle nunha perna e na cabeza	VIDALLÓN
2 NOVEMBRO 1951	Lesion fortuita a José Rodríguez Vazquez. Estaba collendo bigas para serrar e esmagoulle a perna dereita	VIDALLÓN
1 OUTUBRO 59	Lesión de JOSÉ RODRÍGUEZ LÓPEZ, veciño da Campa, caéronlle unhas pedras mentras estaba traballando na estrada e foi golpeado na testa e na cara.	VIDALLÓN
14 XANEIRO 62	Morte de GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ. O caerse dunha Bidueira de 15 metros a un charco de auga	VIDALLÓN
8 XUÑO 1965	Lesión por explosión dun cartucho nunha canteira. O lesionado foi DOMINGO RODRÍGUEZ de 43 anos. Na construción da pista de Sta Eufemia a Vidallón. Saltoulle unha pedra da explosión a un cobado	VIDALLÓN
1 ABRIL 1953	Morte de TEOLINDO CASTRO CASTRO, ó caer dunha caballería que as lesións lle produciron a morte	VILAMOR
29 AGOSTO 1953	Envenenamento de troitas. No Pozo de Breidos botándolle Cloruro. Non incriminaron a niguén	VILAMOR
25 SETEMBRO 58	Pesca con dinamita denunciado por JOSE ALVÁREZ LÓPEZ de Vilamor. SATURNINO ALVÁREZ LÓPEZ e o seu xenro ANTONIO LAGO ZARAUZA, da Campa estabana a pescar con dinamita no muiño de ENCARNACION GALAN	VILAMOR
18 NOVEMBRO 58	Caida de PEDRO ALVÁREZ VAZQUEZ, de 10 anos. Rompeu completamente o hombro esquerdo. Os pais mandarano apañar castañas ó "Peteiro" e no camiño atopouse co veciño SATURNINO RODRÍGUEZ GALLEGO, tamen de 10 anos. Puxéronse a xogar facendo columpio colgándose das mans dunha canella e caeu co hombro esquerdo nunha pedra. Transladaron o Hospital de Lugo	VILAMOR
24 AGOSTO 59	Lesións de JOSÉ RODRÍGUEZ VÁZQUEZ. Cortouse ó estar rozando estrume e escapulle a fouce a mau esquerda.	VILAMOR
18-XUÑO -1941	Aparece morto JUAN RAMOS GARCÍA RAMOS. Saíra da casa en dirección a un prado de Bustelín, para ver o Comenar. Dabanlle ataques epilépticos, frecuentemente.	VILAR

28 XUÑO 48	Suidio de JOSEFA TOUZÓN GARCÍA, de 95 anos. Foi atopada no río afogada, na "Abriela"(Vilamor)	VILAR
20 ABRIL 1955	Feridas por queimaduras de REIMUNDO RAMOS , cando sufríu ataques epilépticos e caeu na lareira, queimando a cara.	VILAR
7 XUÑO 58	Morte de REIMUNDO RAMOS RAMOS, afogado no Rio Lor	VILAR
22-MAIO-1940	Morte de JUANA DIAZ BARREIRO por queimaduras, cando tiña 59 anos. Intentando apagar as lapas da casa, non deu saído.	VILASIVIL
11 OUTUBRO 47	Caida casual de Luís Vergara Sobredo con 5 anos. Fratura cerrada no antebrazo esquerdo	VILASIVIL
17 MAIO 1945	Morte por descarga eléctrica de JESUS RODRÍGUEZ DÍAZ. Fora co gando ó "Teso das Leiras". Tamén lle matou 3 vacas, que estaban chamuscadas.	VILELA
16 MAIO 1954	Morte de MANUEL DÍAZ LÓPEZ. Estaba arrancando pedra e un cartucho de dinamita arrancoulle a mau dereita e danos na cara. Levarono vivo para a casa pero morreu na cama.	VILELA
7 DECEMBRO 57	Roubo de 10000 pesetas a FRANCISCO CARRETE DIAZ. Declara que os tiña nunha lata na nunha habitación. Desconfía do sobriño JOSE CARBALLO CARRETE por coñecer perfectamente a súa casa. Fixeron un rexistro na casa de Jose e atoparon unha pistola de 6,35 da marca Forthe 6,35 Cartridge e outra Che-bepi automatica express e ó lado tiña un bote de cristal con veneno. Detiveron a Jose e a MANUELA LOPEZ VILELA de Teixeira. Francisco declarou que a varios veciños lle daba o responso ca tiña José e tamén lle dixo unha bruxa de Monforte. Eran da venta de varias vacas. Quedou en nada	VILELA
27 OUTUBRO 58	Lesións de CARMEN CARBALLO FONTAL, cando caeu polas escaleiras e golpeu a cabeza. Vivía ca súa sobriña VICTORINA.	VILELA
24 SETEMBRO 64	volcado dun FORT a un vigués no Carrozo de Carballido .Os ocupantes presentaron magulladuras.	VILLAMOR
9 XULLO 1938	Domingo Quiroga Chaos estaba na cociña de José Fernández, entrou Manuel García e discutiron. Este último tiroulle unha vasixa a Domingo á cabeza	VILLASIVIL

11 OUTUBRO 54	Lesións sufridas por ANTONIO AIRA MATO e tenencia ilícita de armas. A nai PURA era de Barcelona e alegou ca arma a atopou rozando estrume en " Fontabrán" e que a gardaba na casa. Disparouselle. Condenado a pagar 3000 pesetas	VILLASIVIL
23 XUÑO 56	Incendio do monte do " Taro Branco". Acusan a CONSTANTINA CARRETE de Villasivil , viuna GLORIA de Perez de Meiraos	VILLASIVIL
28 MARZO 58	Denuncia por un préstamo do ano 1944 que non se devolveu.CRISTOBAL BLANCO PÁRRAGA de Seoane denuncia a FRANCISCO AIRA DOMÍNGUEZ da Casa de Lucito de Villasivil. Requirelle 25.000 pesetas e o 6% de interés.	VILLASIVIL
4 OUTUBRO 63	Denuncia de sustracción de menores. ENCARNACIÓN MARTÍNEZ GONZÁLEZ de Ferreirós de Arriba, denuncia a JOSÉ MONTERO BLANCO de Villasivil que o fillo JUAN MARTÍNEZ escapárase para a casa do pai en Villasivil e non quere volver con ela . Encarnación marchaba para Barcelona e quería levalo.	VILLASIVIL
19 MARZO 64	Denuncia por pedradas de MANUEL LÓPEZ LÓPEZ E JESÚS PARADA OLMO A MANEL LÓPEZ LÓPEZ de Villasivil.	VILLASIVIL
11 XANEIRO 65	Roubo de Madeira. CRISTOVAL BLANCO PARRAGA contra FRANCISCO AIRA DOMINGUEZ. Cristoval o herdeiro dunha casa en Villvasivil da que tiña unha finca("Valdevoga) con castiñeiros e desde Barcelona tivo noticias de que llos cortara Francisco. Cortoulle 3 castiñeiros que pasaban dos 2 metros cúbicos. Da Casa Gonzalo , tamén da propiedade de Cristoval, cortou outros dous castiñeiros valorados en 100.000pesetas. Quedou en nada	VILLASIVIL
30 AGOSTO 65	Incendio nunha palleira de FRANCISCO TOUZÓN RODRÍGUEZ. Estaba sacando a palla para outra palleira, e como habia varios nenos axudando, desconfia dunha colilla. Valoranse os danos en 10000pesetas	VILLASIVIL
28 XULLO 1946	Roubo de patacas no barrio de Reibarba , a unha veciña de CARMEN BARREIRO CAMPOS, nada en Arnado. Levaron varios carros de patacas a 320 kilos, entrando pola casa contiguía e romperon o tabique. Sospeitan dos irmáns de Carmén (Juán e Amadeo ) e o criado Juán.	VISUÑA
1 SETEMBRO 1948	FRANCISCO GARCIA denuncia que se esta envelenando o Rio Selmo para pescar troitas	VISUÑA

11 SETEMBRO 50	Roubo dunha escopeta a JOSÉ CASTRO FERNÁNDEZ de Visuña, valorada en 800 pesetas.	VISUÑA
14 ABRIL 58	Roubo de 1426 kilos de cobre e plomo das Minas Sor Rosa de Jesús. Minas propiedade de GERARDO MAROTO ALBA. No lugar coñecido como "Supena" , propiedade dos terreos era de ANGEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. Este último foi o acusado.	VISUÑA
5 XULLO 60	Caida de JOSEFA CASTRO GÓMEZ. Caeu dun cabalo cerca de ESPERANTE e queixabase da cadeira esquerda. Detectable gran bocio.	VISUÑA
19 XANEIRO 62	Roubo de varias ferramentas nas Minas de Esperanza de ANGEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. Un esmeril, unha serra, 4 chaves fijas, unha chave grifa, un bombín, alicates, 5 picos novos, 2 martelos e non acusaron a ninguén.	VISUÑA
17 SETEMBRO 63	Morte de MANUEL PRIETO RODRÍGUEZ, o volcar a carroceta no lugar das " Latas ", moi próximo ás Cruces.	VISUÑA
5-DECEMBRO-40	Ferida de arma a CRISTINA VILA GARCÍA(17 anos). Segundo a atestado, atopou a pistola e disparouselle nun brazo.	
	REVISADA DE 2ª VEZ ATA A CAIXA 80633 DESE FONDO.	